


Obradoiro "Despois de Lois, eu"


O 17 de maio é o **Día das Letras Galegas** e este ano dedícaselle a **Lois Pereiro**. Co fin de coñecer mellor a Lois, os alumnos e alumnas de 3º da ESO tivemos un obradoiro titulado "**Despois de Lois, eu**" que foi impartido por Concha Pereiro de Reverso Comunicación.



A actividade realizámola en dúas sesións: a primeira, o luns 2 e a segunda, o mércores 4 de maio. Na primeira, Concha estivo a explicarnos quen foi Lois Pereiro, poeta dos 80, que naceu en Monforte, que formou parte da *Revista Loia*, que escribiu cancións para o grupo Radio Océano; que formou parte da movida madrileña; que tivo unha moza á cal lle dedicaba a maioría dos seus poemas; que enfermou por intoxicación co aceite de colza...

Lemos poemas seus e logo entre todos explicabamos o seu significado, analizando as distintas temáticas: amor, desamor, soidade, morte, amor á vida... Como Concha quería que a charla fose divertida e que participásemos todos, trouxo un panel no cal deberíamos escribir ou pegar imaxes sobre o que nos transmitía a vida e a poesía de Lois. Hai que dicir que o resultado non foi o esperado, xa que pegamos só dúas fotos e houbo persoas que escribiron citas en castelán.





Na sesión do mércores estivemos a twittear xa que Concha pedíranos na clase anterior que creásemos unha conta en Twitter para poder traballar con el. O que fixemos nesta rede social foi ver páxinas de internet nas cales se amosan ou explican aspectos da vida e obra de Lois e logo nós tiñamos que escribir os nosos twitts, subindo as opinións, comentarios, suxestións; podíamos debater sobre a súa obra ou sobre o que nos suxerise, incluso podíamos copiar un anaco dun poema e que logo os compañeiros inventasen o resto do poema.

A idea final era crear entre todos un xornal dixital, The #pereiro_carnota Daily. Concha animounos a que seguíssemos escribindo para que o que xornal fose medrando pouco a pouco.



Mesmo nos animou a convidar a participar nel ao resto do alumnado do centro. Algúns de nós escribimos varias notas pero, non sabemos aínda o motivo, de que non poidamos ver nada publicado nel. De todas formas, resultou un obradoiro interesante e no que aprendemos moito.

Tamara Rodríguez Caamaño
(Alumna de 3ªA)